

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 11 DE XANEIRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se crea a Comisión Organizadora do Xacobeo 2021.
- Decreto polo que se aproban as actualizacións e revisións dos plans de emerxencia exterior de Arteixo Química e de Syngenta España.
- Decreto polo que se aproba o plan de emerxencia exterior de Cabo Prioriño.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para establecer que o importe conxunto dos pagamentos anticipados e a conta alcance o 90 % da porcentaxe subvencionada, así como para eximir os beneficiarios das subvencións da obriga de constituír garantías nos pagamentos á conta que poidan recibir, en relación coa Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación, por un importe de catorce millóns douscentos mil euros (14.200.000 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) a contratación dos servizos de operación, limpeza e mantemento das plantas de transferencia de residuos sólidos urbanos cun valor estimado de vinte e catro millóns trescentos oito mil cen euros (24.308.100 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba o contrato de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas para o período 2018-2019.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o balance no turismo en Galicia en 2017

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as ordes de axudas para o fomento e consolidación do emprego a través do Programa I, para as pequenas empresas de nova creación e o Programa II, de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica; axudas para o Programa de incentivos á contratación na empresa ordinaria; e axudas para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre a aprobación das axudas da Orde do 29 de marzo de 2017 pola que se convocan as axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas para a creación de empresas para os agricultores mozos e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 das liñas de axudas Submedida 4.1 Apoio aos investimentos en explotacións agrícolas e submedida 6.1 (PDR 2014-2020) Creación de empresas para os agricultores mozos.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

do período 2014-2020, cofinanciadas polo Feader, e se convocan para o exercicio orzamentario de 2018.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde do 18 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DA COMISIÓN ORGANIZADORA DO XACOBEO 2021

- *O Goberno galego propón a creación da figura de comisario, que formulará e elevará as diferentes actuacións que se van desenvolver e renderá contas do seu traballo á comisión*

O Consello da Xunta deu o visto e prace á creación da Comisión Organizadora do Xacobeo 2021, un órgano que facilitará a coordinación de todos os departamentos da Xunta e do resto de administracións e institucións implicadas neste evento.

As súas funcións principais serán: fomentar e impulsar as actuacións das distintas administracións públicas actuantes, en especial a da Xunta e concellos; a aprobación do Plan estratéxico do Xacobeo 2021 e os diferentes plans operativos anuais de desenvolvemento; a aprobación da marca e o logotipo do Xacobeo 2021; a busca de patrocinadores privados e a promoción das exencións fiscais aplicables a estes; a elaboración e aprobación da programación, e a difusión deste evento.

Ademais disto, o Goberno galego aposta pola creación da figura dun comisario, que formulará e elevará as diferentes actuacións que se van desenvolver e renderá contas do seu traballo á comisión.

O Ano Santo 2021 é unha ocasión inigualable para reforzar un dos mellores embaixadores de Galicia, o Camiño de Santiago, que funciona como un gran dinamizador cultural, económico e relixioso. Por todo isto, a Xunta non quere atrasar a súa preparación e vai empezar a traballar desde agora.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS PLANS DE EMERXENCIA EXTERIOR DE ARTEIXO QUÍMICA, SYNGENTA ESPAÑA E CABO PRIORIÑO

- *Os plans de emerxencia teñen como obxectivo previr e, se é o seu caso, mitigar as consecuencias de posibles accidentes graves*
- *Coa aprobación do PEE de Cabo Prioriño, a totalidade de establecementos que deben contar cun plan destas características en Galicia xa dispoñen del*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde aos proxectos de decreto polos que se aproban o Plan de emerxencia exterior (PEE) de Cabo Prioriño, en Ferrol, así como as revisións e actualizacións dos PEE de Arteixo Química e de Syngenta España.

Arteixo Química, en Arteixo, e Syngenta España, no Porriño e Mos, contaban xa cos seus respectivos plans de emerxencia, aprobados polo Decreto 49/2011, do 17 de marzo. Agora faise necesario aprobar a súa actualización.

Os tres plans foron remitidos aos concellos correspondentes, sometidos a información pública, e recibirán o informe favorable tanto pola Comisión Galega de Protección Civil como pola Comisión Permanente do Consello Nacional de Protección Civil.

Os PEE teñen como obxectivo previr e, se é o seu caso, mitigar as consecuencias dos posibles accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas. Establecen as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios para a súa aplicación, e o esquema de coordinación das autoridades, organismos e servizos chamados a intervir.

Así, nos plans, entre outros aspectos, determínanse as zonas de intervención e alerta; establécense os sistemas de articulación coas organizacións das administracións municipais; especificáanse os procedementos de información á poboación, e catalóganse os medios e recursos específicos para as actuacións previstas.

Actualmente, a Xunta tiña aprobado un total de 10 PEE, aos cales agora se suma o de Cabo Prioriño. Deste xeito, todos os establecementos industriais que deben contar cun Plan de emerxencia exterior xa o teñen. Cómpre ter en conta ademais que o depósito de lodos vermellos de Alcoa en Xove conta tamén cun plan de emerxencia exterior elaborado para garantir a seguridade da poboación do contorno, e que está redactado conforme a normativa de minas.

O CONSELLO DA XUNTA MODIFICA A ESTRUCTURA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA PARA ADAPTALA Á REORGANIZACIÓN INTEGRAL DO TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA

- *O obxectivo do cambio é gañar eficacia na elaboración do Plan de transporte público de Galicia, que deberá estar en marcha a finais de 2019*
- *Con ese fin créase a Subdirección Xeral de Planificación Técnica do Transporte e o Servizo de Planificación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda co obxectivo de adaptala ás necesidades derivadas da necesaria reorganización integral do transporte público de pasaxeiros por estrada.

O obxectivo desta modificación é incrementar eficacia na consecución dun dos principais obxectivos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para a actual legislatura, que é a posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia, que deberá acadarse en 2019.

A Xunta de Galicia puxo en marcha o pasado mes de agosto a primeira fase da reorganización do transporte público por estrada, co obxectivo de garantir a continuidade do servizo das liñas de autobús cuxas empresas concesionarias renunciaron a seguir prestando.

Ese proceso requiriu un importante traballo de planificación no que se iniciou a modernización dos servizos regulares de autobús de Galicia con medidas como transporte compartido ou baixo demanda.

A pesar de afectar só a parte do territorio galego, en total, esa primeira fase do plan supuxo a organización de máis de 800 liñas de transporte, 10.000 paradas e 5.000 horarios, o que supuxo un importante labor de planificación.

A segunda fase dese proceso, o Plan de transporte público que debe aprobarse en 2019, afecta o total das liñas de transporte público regular de pasaxeiros de Galicia, motivo polo que se considera conveniente reforzar a área de planificación da Dirección Xeral de Mobilidade.

Por este motivo, a modificación da estrutura aprobada hoxe polo Consello consiste na creación dunha nova Subdirección Xeral de Planificación Técnica do Transporte, que contará, ademais cun Servizo de Planificación de nova creación.

A ata agora Subdirección Xeral de Planificación Técnica pasará a chamarse Subdirección Xeral de Infraestruturas do Transporte e manterá a súas funcións actuais, centradas no fomento da intermodalidade.

GALICIA PECHARÁ 2017 COS MELLORES REXISTROS TURÍSTICOS DA SÚA HISTORIA AO SUPERAR OS CINCO MILLÓNS DE VIAXEIROS

- *Así se reflicte no informe preliminar presentado hoxe no Consello da Xunta para avaliar os datos rexistrados en Galicia no último ano*
- *De manterse o crecemento interanual do 3% que a Comunidade galega obtivo ata novembro, acadará estas cifras récord*
- *Galicia medrou tamén noutros parámetros como o número de pernoitas, a ocupación, a estadia media ou a rendibilidade do sector*
- *O mercado internacional continuou gañando peso, un feito que é especialmente perceptible no Camiño de Santiago, onde máis da metade dos peregrinos procederon de fóra de España*
- *En termos de emprego, soben as afiliacións á Seguridade Social, situando a cifra global na máis alta dos últimos cinco anos*

Galicia pechará 2017 como o ano no que obtivo os mellores rexistros turísticos da súa historia ao conseguir superar por vez primeira os cinco millóns de viaxeiros. Así se reflicte no informe preliminar presentado hoxe no Consello da Xunta para avaliar os datos turísticos rexistrados no último ano.

De manterse o crecemento interanual do 3% que a Comunidade galega obtivo ata novembro -cando se contabilizaron preto de 4,9 millóns de turistas no conxunto do ano, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) e a falta dos datos do mes de decembro, que o INE fará públicos a finais deste mes- Galicia poderá pechar 2017 superando os cinco millóns de turistas.

Este crecemento no número de viaxeiros de 2017 demostrou que Galicia foi quen de recibir viaxeiros dunha maneira máis repartida durante todo o ano, cumprindo así o obxectivo da desestacionalización. Segundo se desprende deste informe preliminar despois de abril, que encabeza o crecemento máis intenso por mor da Semana Santa, os meses nos que o turismo medrou con máis forza centráronse fóra da tempada alta.

Cúmprese o obxectivo da desestacionalización

Foron, por este orde, o mes de novembro (cun 11,8% máis de visitantes), outubro (cun 6,1% máis), maio (cun 3% máis), febreiro (cun 2,8% máis), xaneiro (cun 2,7%), setembro (cun 1,9% máis) e xuño (cun 1,3% máis).

Este bo comportamento á alza dos viaxeiros repítese no número de noites que decidiron pasar en Galicia. Por vez primeira, a Comunidade superou a barreira dos 10 millóns de noites nos establecementos de aloxamento regrado durante os 11 primeiros meses do ano. O número de días que os viaxeiros permaneceron nos establecementos medrou máis dun 2,4%, situando Galicia entre as autonomías nas que creceu máis

intensamente a estadía media. A Comunidade tamén creceu en termos de ocupación, que sobe en 7,5 puntos porcentuais de media. No que se refire á rendibilidade no sector, tamén medra o ingreso por habitación dispoñible, o chamado RevPAR, con máis dun 10,7% de incremento con respecto ao ano anterior.

En termos de emprego no sector turístico, as afiliacións á Seguridade Social soben un 3,3% e sitúan a cifra global en máis de 77.700 no conxunto da Comunidade, a cifra máis alta dos últimos cinco anos.

Lidera os destinos da España Verde

En comparación co resto de autonomías, Galicia ocupa a oitava posición en número de viaxeiros e pernoitas. No caso das comunidades que forman parte da España Verde (Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco), lidera a clasificación tanto en número de viaxeiros como en noites.

O ano 2017, a Comunidade galega consolidouse, tamén, como un destino cada vez máis internacional. Ata novembro, o peso deste mercado roldou o 30%. A subida é especialmente tanxible no Camiño de Santiago, onde máis da metade dos peregrinos procedían de fóra de España.

Ademais, en termos globais, o Camiño de Santiago experimentou en todo o ano 2017 un crecemento dun 8,3% en relación ao 2016, superando por vez primeira na súa historia os 300.000 peregrinos. A ruta xacobeana estivo, ademais, máis diversificada que nunca nos seus nove itinerarios oficiais por terra.

Maior rendibilidade do sector

Este informe preliminar recolle, así mesmo, os resultados da sondaxe realizada polo Clúster de Turismo de Galicia aos seus asociados sobre as súas percepcións, que permite dar unha visión cualitativa do avance do turismo en 2017. Os resultados falan dunha valoración claramente positiva. Salientan a boa ocupación nas cidades e destacan especialmente a tendencia positiva rexistrada no turismo rural, onde falan dunha maior rendibilidade grazas ao crecemento de viaxeiros neste tipo de establecementos. Tamén se refiren ao incremento do prezo medio durante este ano.

O Clúster de Turismo de Galicia reflicte nesta sondaxe o seu interese por que a industria turística continúe aproveitando a consolidación da recuperación da demanda interna e o aumento das chegadas de visitantes internacionais, en constante crecemento. Aluden, ademais, á importancia de continuar traballando de forma conxunta na promoción do destino.

Os datos que se desprenden deste informe preliminar responden ao modelo de crecemento ordenado e planificado que desde a Xunta de Galicia se fixou na Estratexia

do turismo de Galicia 2020, o documento consensuado co sector que fixa as liñas de traballo cara ao Xacobeo 2021 e que sitúa Galicia como un destino atractivo os 365 días do ano. Demostran, ademais, a consolidación dun modelo turístico sustentable, de calidade, responsable e comprometido como é o galego, que sabe medrar e acoller aos visitantes durante todo o ano.

A XUNTA LANZA UNHA NOVA LIÑA DO PLAN DE BANDA LARGA PARA DESPREGAR REDES DE 100 MEGAS EN NÚCLEOS RURAIS DE MENOS DE 150 HABITANTES

- *Facilitará o acceso a internet de alta velocidade en zonas que carecen desta cobertura e de previsión de dispoñer dela*
- *O Goberno galego aprobou hoxe unha liña de axudas a operadores por importe de 14,2 millóns de euros ata 2020*
- *Esta actuación complementa ás convocatorias que ten en marcha o Estado cun orzamento adxudicado de 21 millón de euros*
- *Con estas actuacións no 2020 un 74% dos galegos disporán de acceso a redes ultrarrápidas, unha porcentaxe que se ampliará coas novas convocatorias previstas polo Estado*

A Xunta lanza unha nova actuación do seu Plan de banda larga 2020 para facilitar o acceso a internet, cun mínimo de 100 Mbps de velocidade, en núcleos de menos de 150 habitantes. Con este obxectivo o Consello do Goberno galego aprobou hoxe unha liña de axudas a operadores de telecomunicacións cun importe de 14,2 millóns de euros para despreparar redes ultrarrápidas en zonas do rural que non contan con esta cobertura nin previsión de dispoñer destas redes

Os operadores poderán actuar en calquera das 26.386 entidades de poboación de menos de 150 habitantes e noutros 80 núcleos de entre 150 e 300 habitantes. Poderán presentar varios proxectos cunha subvención mínima de 20.000€ para cada un deles ata esgotar a dotación orzamentaria prevista.

A Administración autonómica concederá unha subvención máxima do 90% do custo total de cada proxecto. Estas subvencións cofináncianse ao 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

Complementariedade entre administracións

Con esta medida a Administración autonómica actuará nos núcleos máis pequenos con fondos FEADER, mentres que o Estado focalizará os seus esforzos en cubrir as entidades de maior tamaño coas convocatorias que licite nos vindeiros anos no marco do Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración (PEBA).

Actualmente, o Goberno do Estado ten adxudicados 21 millóns de euros do PEBA, que permitirán dotar de cobertura de 100 megas a preto de 260.000 galegos nos vindeiros dous anos. Grazas á complementariedade e coordinación entre ambas Administracións en 2020, un 74% dos galegos terá acceso a redes ultrarrápidas. Esta porcentaxe de

cobertura poderá ampliarse coas próximas convocatorias previstas polo Estado no marco Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración.

Prazos e características da convocatoria

A nova convocatoria do Plan de Banda Larga 2020 publicarase proximamente no DOG e os operadores de telecomunicación poderán presentar as súas solicitudes no prazo máximo dun mes dende o día seguinte á publicación.

A convocatoria inclúe un anexo con 26.466 entidades de poboación consideradas “zonas brancas” de redes de nova xeración, é dicir que carecen de cobertura de redes dun mínimo de 100 Mbps así como de previsión de dispoñer delas.

As redes coas que se dote ás entidades de poboación deberán proporcionar servizos de cando menos 100 megas de baixada e 20 de subida, non establecer limitacións de descargas e permitir a realización de comunicacións de voz e vídeo en tempo real.

Plan de Banda Larga de Galicia 2020

O Plan de Banda Larga de Galicia 2020 foi aprobado o 1 de outubro de 2015 no Consello da Xunta, e asume os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100Mbps.

Para a consecución das metas fixadas no Plan xa se puxeron en marcha un conxunto de medidas que se levarán a cabo ata 2020:

- A Extensión de redes de 100Mbps ao 60% da poboación de Galicia. Coas actuacións en marcha tanto da Xunta como do Estado a previsión é acadar un mínimo do 74% da poboación con esta cobertura en 2020. Esta cobertura incrementarase con novas convocatorias do Estado nos próximos anos.
- O 55% dos polígonos con cobertura de redes de nova xeración. Actualmente grazas ao Plan 100 polígonos galegos contan con velocidades de 100 Mbps e ao remate de 2018 serán 130, o 77% do total
- Ademais o plan prevé a extensión de redes de 30Mbps ata o 96% da poboación e a porcentaxe restante con subvencións para a contratación de banda larga vía satélite naquelas zonas máis illadas.

Acceso a servizos dixitais avanzados

O despregamento e adopción de redes de banda larga ultrarrápidas no territorio galego permitirán acelerar o desenvolvemento de servizos dixitais avanzados e brindar novas oportunidades de negocio.

As tendencias das tecnoloxías de nova xeración tales como a computación na nube, a impresión 3D, a administración electrónica, as cidades intelixentes, a telepresenza, o Fogar Dixital, etc, esixen cada vez un maior largo de banda, por este motivo, dende a Xunta de Galicia estase a traballar neste tipo de medidas de axudas para favorecer o despregamento de redes de telecomunicacións máis rápidas que abran camiño cara uns servizos innovadores.

AUTORIZADA A LICITACIÓN DO NOVO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTENIMENTO DA REDE DE PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE SOGAMA

- *Esta rede está conformada por 20 instalacións situadas en lugares estratéxicos da comunidade galega, 5 na provincia de Pontevedra, 7 na de Lugo, 6 na da Coruña e 2 na de Ourense*
- *O contrato, cun orzamento de 24 millóns de euros, está previsto para un período de 3 anos e poderá ser prorrogado de forma expresa ata un máximo de 5*
- *O obxectivo é que Sogama siga prestando, en igualdade de condicións, un servizo de calidade aos concellos adheridos ao seu modelo, evitando que a distancia ata o seu centro de tratamento de Cerceda (A Coruña) poida chegar a representar algún tipo de limitación*
- *O labor das plantas de transferencia é trasvasar os residuos urbanos desde os camións de recollida municipal a contedores de gran capacidade (40-43 metros cúbicos) aptos para ser transportados, por tren ou estrada, a longas distancias e nas mellores condicións de seguridade, hixiénicas e ambientais*

A Xunta de Galicia, a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, licitará por un importe de 24.308.100 euros (+ IVE) o servizo de operación e mantemento da súa rede de plantas de transferencia, conformada por 20 instalacións distribuídas estratéxicamente polo conxunto do territorio galego para dar servizo aos municipios limítrofes. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o acordo polo que a entidade pode avanzar no concurso deste servizo, estipulado inicialmente para un período de 3 anos, que poderá ser prorrogado de forma expresa ata un máximo de 5, cunha posible prórroga excepcional doutro ano máis.

Neste novo contrato establécense unha serie de melloras que redundarán nun óptimo funcionamento destas instalacións, como é a actualización dos sistemas e equipos informáticos, a substitución, nos supostos designados, das depuradoras existentes ou ben a súa ampliación ou modificación, obras menores de acondicionamento, así como diversas accións de índole medioambiental.

O obxectivo último deste concurso é que Sogama siga prestando, en igualdade de condicións e no marco dos principios de equidade e solidariedade, un servizo de calidade aos concellos adheridos ao seu modelo, evitando desta forma que as distancias que, nalgúns casos, poida haber entre estes e o seu centro de tratamento de Cerceda (A Coruña) representen algún tipo de limitación.

Neste sentido, cabe lembrar que precisamente a empresa pública apostou no seu momento por poñer en marcha unha rede de plantas de transferencia para solucionar a dificultade loxística que supoñía a elevada dispersión da poboación galega, posibilitando que todos os municipios da comunidade, con independencia das súas

características e situación xeográfica, recibisen as mesmas prestacións e que non viran incrementados os custos derivados da necesidade de percorrer nalgúns casos longas distancias para dar un correcto tratamento aos seus refugallos.

O labor das plantas de transferencia é precisamente o de trasvasar os residuos urbanos desde os camións de recollida municipal a contedores de gran capacidade (40-43 metros cúbicos) aptos para seren transportados, por tren ou estrada, a longas distancias e nas mellores condicións de seguridade, hixiénicas e ambientais.

Polo tanto, neste tipo de instalacións non hai almacenamento, manipulación ou tratamento de refugallos, contando, aínda así, coas medidas de protección ambiental máis exixentes. Habitualmente atópanse situadas en polígonos industriais e están conformadas por unha nave pechada que impide a emisión de ruídos cara ao exterior da instalación, equipos de aspiración e filtrado de aire nas tolvas de descarga, o que evita a emisión de po e cheiros, e sistemas de depuración de augas.

Mapa

A primeira planta de transferencia en poñerse en funcionamento foi a de Vigo (Guixar), no ano 1995, incorporándose progresivamente as 19 restantes á infraestrutura industrial de Sogama: Corcubión, Boiro, Narón, Santa Comba, Santiago de Compostela e Ortigueira, na provincia da Coruña; Lugo, Viveiro, Barreiros, Monforte de Lemos, Chantada, Sarria e Becerreá, na de Lugo; Vigo, O Porriño, Ribadumia, O Rosal e Silleda, na de Pontevedra; e Ourense (San Cibrao das Viñas) e a Rúa, na provincia de Ourense.

A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS XESTIONARÁ ENTRE 2018 E 2019 UN ORZAMENTO DE 561 MILLÓNS DE EUROS CO FIN DE AMPLIAR, MELLORAR E CONSERVAR A REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS

- *A consolidación da recuperación económica permite un notable incremento con respecto ao contrato de xestión do período 2016-2017, aprobado cun orzamento de 490 millóns de euros*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o contrato plurianual de xestión deste organismo, que reforzará ademais os traballos de construción de infraestruturas por encomenda doutros departamentos do Goberno autonómico*
- *Neste período culminaranse actuacións en execución tan importantes como a construción da autovía do Morrazo ou a variante de Aradas*
- *Iniciarase a construción de obras xa licitadas por importe de máis de 40M € como a conexión do polígono de San Cibrao das Viñas coa A-52 ou os acondicionamentos das estradas AC-406, en Santa Comba, ou da AC-100, en Mañón*
- *O Goberno galego tamén continúa a traballar na estratexia de eliminación en 2020 de todos os tramos de concentración de accidentes na rede viaria autonómica, cun investimento previsto de 12,3 M €*
- *A conservación das estradas seguirá a ser un pilar fundamental da actividade da Axencia, polo que o Plan de reforzos de firme incrementa a súa dotación de 15 a 20 millóns de euros nos orzamentos de 2018*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o contrato de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que contará cun orzamento de 561 millóns de euros nos anos 2018 e 2019 que permitirán continuar coa ampliación, mellora e conservación da rede viaria autonómica.

A consolidación da recuperación económica permite un notable incremento con respecto ao contrato de xestión do período 2016-2017, aprobado cun orzamento de 490 millóns de euros.

Os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018 recollen unha partida de 277,34 millóns de euros para a Axencia Galega de Infraestruturas. Ademais, prevese un incremento nas contas autonómicas do 2,7% para o ano 2019 ata acadar os 284,33 millóns de euros. Deste xeito, disporase duns recursos orzamentarios de 561 millóns de euros.

Os contratos de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas, que se aproban para períodos de dous anos coincidentes con exercicios orzamentarios, teñen por obxecto regular a actividade da Axencia e as relacións recíprocas entre esta e a Administración da Comunidade Autónoma.

As liñas de actuación da Axencia Galega de Infraestruturas para os dous vindeiros exercicios concréntanse en varios obxectivos estratéxicos: exercen de forma eficiente as competencias de planificación en materia de estradas; optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes; garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios, e mellorar o funcionamento dos servizos da axencia.

A Consellería de Infraestruturas xa comezou a traballar con estes recursos económicos, pois estase a dar continuidade a actuacións en execución tan importantes como a construción da autovía do Morrazo ou a variante de Aradas.

A AXI, nos meses de novembro e decembro de 2017, tamén licitou obras por un investimento superior aos 40M €, polo procedemento anticipado de gasto e deste modo xa traballando cos recursos do orzamento da Xunta de Galicia para 2018. Isto permitiu a licitación da nova conexión do polígono de San Cibrao das Viñas coa A-52; dos acondicionamentos das estradas AC-406, en Santa Comba, ou da AC-100, en Mañón; ou do Centro de Saúde da Estrada, entre outras. Tamén se destinarán 6,7 M€ a actuacións de reforzo de firme para executar en 2018 nas estradas autonómicas galegas.

O Goberno galego tamén continúa coa execución de actuacións enmarcadas na estratexia recentemente presentada para ter eliminados en 2020 todos os tramos de concentración de accidentes na rede viaria autonómica, cun investimento previsto de 12,3 M €.

O Plan de sendas de Galicia tamén é outro eixo fundamental da actividade da Axencia e neste sentido prosegue a construción de itinerarios peonís e ciclistas seguros e integrados na paisaxe ata acadar os 170 quilómetros proxectados.

Para o Executivo autonómico conservar a rede viaria autonómica en óptimas condicións é un obxectivo prioritario co fin de incrementar a seguridade viaria e proporcionar aos usuarios unhas vías cómodas que melloren a súa calidade de vida, potenciando o desenvolvemento económico e social dos municipios galegos. Así, a Xunta segue a traballar no mantemento das estradas co desenvolvemento do Plan de reforzos de firme, que nos orzamentos para 2018 incrementa de modo moi importante a súa dotación de 15 a 20 millóns de euros.

Ademais, neste período a Axencia Galega de Infraestruturas intensificará o seu labor como organismo executor de equipamentos por encomenda doutros departamentos do Goberno autonómico. Neste sentido, a día de hoxe estanse executando obras como a

construción de varios centros de saúde ou as ampliacións do Hospital da Costa en Burela ou do recinto feiral IFEVI en Vigo.

A XUNTA IMPULSA A CONTRATACIÓN DE 1300 DESEMPREGADOS EN 220 CONCELLOS RURAIS E 700 PEMES E EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA

- *O Goberno galego inviste este ano, a través da Axenda 20, preto de 14 millóns de euros no programa Aprot Rural, os incentivos á contratación nas pemes e nas axudas para a consolidación do emprego nas pequenas empresas tecnolóxicas e de nova creación*
- *Destina 7 millóns para apoiar os concellos rurais na contratación de 430 persoas sen emprego para a realización de tarefas vinculadas co sector forestal como silvicultura, biomasa e limpeza de montes*
- *Este ano, como novidade nestes apoios, ademais de fixarse o obxecto dos contratos, terán preferencia os concellos emprendedores, polo que o orzamento das liñas de axudas que a Xunta prioriza para as entidades locais que se adhiran ao convenio coa Fegamp para impulsar a captación de novas empresas aumenta ata os 50 millóns*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria dedica 4,2 millóns para incentivar en 500 pemes a contratación de 550 desempregados con máis dificultades para atopar un traballo con axudas que poden chegar aos 8000 euros*
- *Establécese por primeira vez neste programa a posibilidade dun bono formación de 1000 euros por cada persoa contratada*
- *A terceira iniciativa conta cun orzamento de máis de 2,7 millóns para fomentar o emprego de 300 traballadores en 195 novas pemes e nas iniciativas de emprego de base tecnolóxica*

A Administración autonómica impulsa este ano con preto de 14 millóns de euros, a través da Axenda 20, a contratación de 1300 desempregados en 220 concellos rurais de Galicia e preto de 700 pemes e empresas de base tecnolóxica. O Consello da Xunta informou hoxe de tres convocatorias de axudas que se autorizaron como anticipado de gasto para fomentar na Comunidade o traballo estable e de calidade para acadar un novo modelo produtivo baseado no crecemento e no coñecemento, e para seguir mellorando a creación de emprego, tal e como ocorreu no último ano: 2017 pechouse con 20.901 parados menos que en 2016, unha baixada do 10,15%, a maior das últimas dúas décadas, desde 1998, e con 21.713 afiliacións máis, o que supón un crecemento do 2,25%.

O primeiro dos programas é o Aprot Rural con axudas para apoiar a contratación nos concellos rurais de Galicia. Destínanse 7 millóns de euros (5 millóns nunha primeira convocatoria que se poderá ampliar en 2 millóns máis) para apoiar en 220 administracións locais a contratación de 430 desempregados para a realización de tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outros labores relacionados co sector forestal.

Este ano introdúcese como novidade que os contratos terán que estar relacionados coa valorización do sector forestal, ao tempo que se priorizará nestes apoios aos *concellos emprendedores*. Terán prioridade no Aprox Rural as administracións locais que se adhiran ao convenio asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para fortalecer a captación de investimento en Galicia, un acordo enmarcado dentro da nova Lei de implantación empresarial. En global, o Goberno galego priorizará preto de 50 millóns de euros para os *concellos emprendedores* nas convocatorias de obradoiros e programas integrados de emprego, Aprox Rural e contratación de axentes locais de emprego; parques empresariais, viveiros industriais e biomasa; e apoios aos mercados excelentes e espazos activos de emprendemento.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Aprox Rural, financiará o equivalente á totalidade dos custos salariais nos contratos, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social segundo estea marcado no convenio colectivo vixente no momento no que o Concello formule a súa solicitude. A duración dos contratos, como mínimo, será de 9 meses e a tempo completo.

Esta liña de axudas forma parte do Plan de formación e emprendemento no rural que o departamento de Economía, Emprego e Industria activou por primeira vez o pasado ano con 30 millóns de euros para mellorar as oportunidades laborais do rural e dar un impulso aos traballadores das zonas menos poboadas de Galicia.

Incentivos ás empresas

O segundo dos programas dos que hoxe se informou no Consello da Xunta é o referido aos incentivos á contratación nas pemes, dotado con 4,2 millóns de euros para favorecer o emprego de 550 persoas con máis dificultades para atopar un traballo en 500 empresas. Por medio desta actuación, as compañías terán a oportunidade de obter axudas para a contratación e formación por conta allea. Por unha banda, a contratación inicial, cunha duración mínima dun ano, apoiarase cun bono de 4000 euros sempre que o desempregado sexa parado de longa duración, presente algunha discapacidade ou se atope en situación ou risco de exclusión social. Esta contía aumentará nun 25% para as mulleres, maiores de 45 anos, emigrantes retornados e se a empresa está situada no rural, polo que a contía máxima de axuda deste programa poderá alcanzar os 8000 euros.

Como novidade, inclúese un bono de 1000 euros de formación por cada persoa contratada que será opcional para as empresas.

Empresas de nova creación e de base tecnolóxica

A Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén investirá máis de 2,7 millóns de euros para o fomento e consolidación do emprego para as pequenas empresas de nova

creación e as cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT). Con esta actuación prevé beneficiar ao redor de 300 traballadores en 195 firmas.

Para impulsar o emprego nas pequenas empresas de nova creación establécense axudas para a xeración de emprego estable, a formación xerencial e/ou directamente relacionada coa actividade que se vai desenvolver ou para o inicio de actividade, financiando gastos relacionados cos honorarios de notario e rexistrador, arrendamento do local, maquinaria ou equipamentos informáticos, entre outros.

Apóíase tamén a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras destas empresas co 75% do custo da escola infantil dos fillos menores de 3 anos cun máximo de 3000 euros. Poderán ser beneficiarias destes apoios as empresas que sexan promovidas como máximo por 5 persoas, cun capital social máximo de 120.202 euros, sendo como mínimo o 50% titularidade dos promotores que sexan desempregados e creen o seu propio posto de traballo na empresa.

O programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) pretende dinamizar a vocación emprendedora da comunidade universitaria e aproveitar o potencial empresarial das persoas dedicadas á investigación e con amplos coñecementos das novas tecnoloxías. Do que se trata é de impulsar a transformación do coñecemento creado nas universidades e nos centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e emprego. Esta iniciativa, polo tanto, está dirixida a fomentar o espírito innovador e emprendedor, principalmente entre os investigadores e titulados universitarios de calquera área do coñecemento científico, técnico ou humanístico.

Os beneficiarios destas axudas son as empresas e autónomos que se constitúan e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT. Concederanse axudas á creación directa de emprego estable, para a contratación de persoal técnico de alta cualificación e para a posta en marcha do proxecto empresarial. Os apoios poden alcanzar os 24.000 euros.

As contías base dos dous programas incrementaranse nun 25% para as mulleres, emigrantes retornados, maiores de 45 anos e no caso de que a compañía estea situada no rural. Deste xeito, a axuda máxima será de 22.000 euros por beneficiario no caso de pequenas empresas de nova creación e de 48.000 euros para as IEBT.

Esta actuación está enmarcada na liña que segue o Goberno galego para impulsar en Galicia o emprendemento a través da innovación e as novas tecnoloxías. Para iso, ten en marcha, en colaboración con outros organismos, unha Rede de aceleradoras coas que xa se impulsaron máis de 500 proxectos. Destacan os espazos coworking ou os programas ViaGalicia e Bussines Factory Auto para ofrecer a mellor cualificación

posible aos novos emprendedores adaptando esta formación ás necesidades reais que require o tecido produtivo.

GALICIA MANTÉN A SÚA APOSTA POLA MODERNIZACIÓN DO AGRO COA APROBACIÓN DE MÁIS DE 1.300 AXUDAS PARA MELLORAR AS EXPLOTACIÓNS E GARANTIR A REMUDA XERACIONAL

- *Resolveuse a orde de subvencións de Medio Rural que achegará 57,2 millóns de euros a gandeiros e agricultores*
- *Un total de 466 mozos poderán incorporarse á actividade agrogandeira este ano a través desta contribución, o segundo mellor resultado da década*
- *Outras 692 persoas recibirán achegas para investir nas súas empresas agrarias por valor de 40 millóns de euros*
- *Ata 154 titulares de pequenas explotacións contan cunha liña específica pola que recibirán 15.000 euros cada un*

O Consello da Xunta coñecen hoxe a resolución da orde de axudas da Consellería do Medio Rural para apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas de agricultores mozos e para o desenvolvemento de pequenas explotacións e, unha vez analizados os datos dos beneficiarios, confírmase que Galicia mantén a súa aposta pola modernización do agro. Proba diso é que se aprobaron 1.312 expedientes nestas tres liñas por valor de 57,2 millóns de euros. Estas axudas están cofinanciadas nun 2,5% pola Administración xeral do Estado, nun 22,5% pola Xunta de Galicia e nun 75% polo fondo Feader.

Destaca a parte destinada aos mozos, xa que ata 466 se incorporarán á actividade agraria grazas a estas subvencións. Todas as solicitudes que cumpriron os requisitos foron aprobadas cunha achega media superior aos 32.000 euros por persoa. En total, falamos de 14,92 millóns de euros cos que se garante a remuda xeracional no campo e que se suma ás extraordinarias cifras de 2016, cando foron 618 os mozos beneficiarios e se alcanzaba o récord da última década. Este ano, obtense o segundo lugar dos últimos dez anos. Por sectores, unha vez máis, destaca o lácteo e o vacún de carne cun 32% e un 26% dos expedientes, respectivamente.

No caso dos investimentos en explotacións agrarias (máis coñecidos como plans de mellora), aprobáronse 692 solicitudes cun importe de case 40 millóns de euros. Polo tanto, falamos dunha axuda media por expediente de 57.783 euros. Tamén neste caso destaca o vacún de leite e de carne, que representan o 42% e 28% das resolucións aprobadas.

Pero ademais, a Consellería do Medio Rural dispón de axudas específicas para pequenas explotacións das que este ano case se quintuplican os beneficiarios. Isto é así porque se modificou a orde para chegar a máis sectores e así responder ás demandas do mercado. Unha vez resolta a orde de axudas hai un total de 154 expedientes aprobados en ámbitos como o vacún de carne, a apicultura e a viticultura

e as novas producións como o kiwi ou os arandos, entre outros. Respecto ao orzamento, esta liña supera os 2,3 millóns xa que cada subvención ten un importe fixo de 15.000 euros.

Obxectivos

Esta é unha das ordes de axudas máis destacadas da Consellería do Medio Rural, tanto polo seu importe como polo número de beneficiarios. Con elas búscase mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción co obxectivo de mellorar a competitividade.

Ao mesmo tempo, procúrase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e o fomento do emprego no sector agrario, con especial consideración cara ás mulleres, co fin último de fixar poboación no medio rural.

Polo tanto, estas axudas teñen unha gran repercusión no campo galego porque implica un gran número de axentes que participan neste labor, desde as oficinas técnicas que elaboran os proxectos, ata os concellos que conceden as licenzas de obra e as pequenas pemes encargadas de realizar as obras contidas nos proxectos. Polo tanto, prodúcese un efecto multiplicador destas subvencións que dinamizan de maneira moi importante o medio rural.

A XUNTA ACHEGA 29,1 MILLÓNS DE EUROS PARA AS AXUDAS A INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS

- *A convocatoria deste ano aumenta un 22% os fondos respecto ás subvencións aprobadas en 2017*
- *Nos dous últimos anos apoiáronse 203 proxectos a través desta orde que mobilizaron máis de 142 millóns de euros no rural galego*

O Consello da Xunta vén de coñecer un informe da Consellería do Medio Rural sobre a nova convocatoria de axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios que este ano conta cun orzamento de 29,1 millóns de euros. Iso significa un aumento do 22% respecto ás achegas facilitadas na última orde de 2017.

Esta convocatoria de axudas é a terceira das correspondentes ao Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 e polo tanto cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. Nas dúas ordes anteriores apoiáronse 203 proxectos a través de 48,9 millóns de euros de subvencións que mobilizaron ata 142,4 millóns de euros en investimentos no rural.

Estas achegas pretenden fomentar os investimentos para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia destinadas á transformación e comercialización de produtos agrarios. Esta liña de axudas ten unha grande importancia xa que apoian un sector estratéxico para a nosa comunidade e clave no desenvolvemento agrario. Así, estas industrias posibilitan a viabilidade das explotacións agrarias, dando valor engadido ás producións e facilitando o seu acceso aos mercados. Fomentan tamén a creación e mantemento de postos de traballo e benefician ao tecido económico das zonas rurais.

Poden acollerse a esta orde os profesionais que queiran crear unha industria agroalimentaria ou ben mellorar a existente. Así, é subvencionable a construción, adquisición e mellora de bens inmobles, incluída a compra dos terreos, a adquisición de maquinaria e equipamentos novos, a adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos, a compra de patentes ou licenzas e os honorarios de proxecto, dirección de obra e estudos de viabilidade. O investimento dos proxectos presentados debe ser de, polo menos, 60.000 euros.

Balance 2017

No caso da última convocatoria (a de 2017) aprobáronse 144 solicitudes cun investimento subvencionable de 74,7 millóns de euros e unha axuda total de case 24 millóns. Por sectores, destacou o lácteo, xa que as subvencións percibidas

representaban preto do 43% do total. En concreto, executáronse 24 iniciativas cun investimento de 34 millóns de euros e que recibiron 10,3 millóns a través desta liña.

Tamén os sectores vitivinícola e cárnico percibiron achegas. O primeiro deles por valor de 5,4 millóns de euros para 64 proxectos, cun investimento total de 15,2 millóns. Mentres que no ámbito da carne se apoiaron 23 proxectos cun investimento de 15,8 millóns de euros e unha axuda total de 5,2 millóns de euros.

Por outra parte, é importante que a gran maioría das axudas (o 84%) se destinaron a proxectos localizados en zonas de montaña ou con baixa densidade de poboación. Así mesmo, máis da metade das iniciativas (o 58%) foron proxectos promovidos por cooperativas, sociedades agrarias de transformación ou produtores agrarios.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 18,7 MILLÓNS DE EUROS A BATEEIROS, CONFRARÍAS E ACUICULTORES QUE PROMOVAN UNHA ACTIVIDADE SUSTENTABLE

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula a convocatoria de 2018 destas achegas destinadas a investimentos produtivos, á eficiencia enerxética e uso de fontes de enerxías renovables e tamén a servizos de asesoramento no ámbito da acuicultura*
- *Os bateiros, confrarías e xestores de empresas de acuicultura interesados en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o Diario Oficial nos próximos días*
- *O 75% das axudas destinadas a investimentos produtivos na convocatoria de 2017 foron destinados ao sector mexilloeiro, ao cal foron parar 2,1 millóns de euros do importe total das axudas*

Os bateiros, as confrarías de pescadores e os acuicultores que promovan unha actividade sustentable poderán beneficiarse de preto de 18,7 millóns de euros. A Xunta pon á disposición do sector esta contía co obxectivo de apoiar os investimentos produtivos, o incremento da eficiencia enerxética e o fomento do uso de fontes de enerxía renovables, así como os servizos de asesoramento técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula estas tres liñas de axudas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e a súa convocatoria para este ano. A primeira das liñas conta con 17,8 millóns de euros e destínase aos investimentos produtivos. A través dela a Consellería do Mar poderá subvencionar, entre outros aspectos, actuacións para diversificar a produción e para modernizar as instalacións neste sector, incluíndo a adquisición de equipos. Tamén poderá subvencionar investimentos na mellora da calidade do produto ou para incrementar o seu valor.

A segunda liña de subvencións é a do incremento da eficiencia enerxética e ao uso de fontes enerxías renovables e conta con 790.000 euros. Por último, a terceira é para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico e teñen como obxectivo mellorar o rendemento global e a competitividade das explotacións acuícolas e promover o respecto medioambiental. A esta última liña destínanse 95.000 euros.

As achegas destinadas a investimentos produtivos e á eficiencia enerxética están dirixidas ás microempresas, pequenas ou medianas empresas e grandes empresas e as de asesoramento a microempresas, pequenas ou medianas empresas. A través destas liñas de axudas poderase subvencionar ata o 50% dos investimentos que realicen as

microempresas, pequenas ou medianas empresas –con menos de 250 empregados e cun volume de negocio anual igual ou inferior a 50 millóns de euros- e ata o 30% dos investimentos que realicen as grandes empresas.

Os bateiros, confrarías e xestores de empresas de acuicultura interesados en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *Diario Oficial de Galicia* nos próximos días. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Convocatoria de 2017

En relación coa convocatoria de 2017 das axudas de investimentos produtivos e de eficiencia enerxética, que veñen de resolverse, cabe destacar que a través delas se subvencionaron 63 proxectos por un importe total de preto de 3 millóns de euros. A gran maioría correspóndense coas axudas de investimentos produtivos, que son as que rexistran máis concorrència. A maioría, desta liña de axudas, un 75%, foron destinadas ao sector do mexillón, ao cal foron parar 2,1 millóns de euros do importe total das axudas.

Esta tendencia é a mesma que a de anos anteriores, en que o principal beneficiario destas axudas foi o sector bateiro. Entre os proxectos subvencionados para o sector do mexillón, ao abeiro desta convocatoria, están a construción de bateas e a modernización de embarcacións con distintos elementos. Por outra banda, entre os subvencionados para a área de peixes está a modernización de granxas acuícolas.

Atendendo á repartición por provincias e ao principal destinatario destas axudas, o sector do mexillón, cabe destacar que na provincia de Pontevedra o sector mexilloeiro recibe o 98% do montante económico destas axudas concedidas na provincia na que se rexistra un índice maior debido a que a produción de mexillón ten moita incidencia. En relación á provincia da Coruña, a miticultura recibe o 62% do total do montante económico das axudas concedidas nela.